

Dª/D.....
....., á vista de apertura de consulta pública sobre "ordenanza municipal reguladora del servicio público de aparcamiento limitado (ORA)", aberto o pasado día 15 do corrente ao abeiro do disposto do artigo 133.1 da Lei de Procedemento Administrativo Común (Lei 39/2015, de 1 de outubro), como persoa afectada pola dita ordenanza paso a formular as seguintes

Suxestións

- 1- A ordenanza define o funcionamento, control e pagamento do estacionamento na zona azul (segundo o modelo da ORA) soamente cunha opción de xestión: aparcamento de pago en réxime de explotación pola empresa. Non se contempla realmente outra modalidade de xestión do estacionamento nestas rúas.
- 2- A ordenanza sinaliza como zona azul parte da rúa das Cascas, aducindo que se pretende garantir a rotación do estacionamento nunha zona onde a única presión é da veciñanza residente. Isto amosa como as prazas son delimitadas de maneira totalmente arbitraria estas zonas.
- 3- A ordenanza ten un claro espírito recadatorio pola utilización dun ben de dominio público como son as rúas, sobre as que se establece unha triple tributación: págase impostos para o seu mantemento, págase o IVTM pola utilización do vehículo particular e, sen previsións nin alternativas para un servizo público, pretende establecerse a obriga de tributar polo estacionamento- continuo ou puntual- na vía pública sob o pretexto da "rotación" do estacionamento gratuíto.
- 4- O sistema ORA non garantiu a pretendida rotación no estacionamento, como o propio Concello recoñeceu ao aprobar a subscripción dun convenio co estacionamento soterrado da praza do Campo para ofrecer vinte minutos gratuítos para xestións persoais, buscando garantir así unha rotación no estacionamento. Dado que continúa en vigor este convenio para garantir a rotación do aparcamento na zona centro, impór novamente a tributación na zona azul é ter dúas ferramentas para a mesma fin. Impoñer a ORA en rúas adxacentes ao propio estacionamento soterrado da praza do Campo supón, ademais, recoñecer que o citado convenio tampouco funciona como medida de rotación no aparcamento.
- 5- A fiscalidade relativa á zona azul da ORA é inxusta desde o punto de vista social, posto que non atende á capacidade económica de quen se ve na necesidade de estacionar nesta zona. Unha fiscalidade inxusta ademais, porque a norma non garante que redunde nas arcas municipais, precisamente unha das eivas que tivo o anterior réxime en concesión.
- 6- Dado que é inxusta socialmente, que tan só ten afán recadatorio e que non garante a rotación no estacionamento nas rúas definidas como de zona azul, propónse que se instaure un sistema gratuíto de rotación, tomando como referencia conceptual o implantado en Carballo, recoñecido con varias mencións.